

## ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/8	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

2 de maio de 2024

**Duración:**

Desde as 20:36 ata as 22:36

**Lugar:**

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

**Presidida por:**

Gonzalo Louzao Dono

**Secretaria:**

María Jesusa Fernández Bascuas

### ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	NON
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ





EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
	M <sup>a</sup> DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	VANESA IGLESIAS CASAL	NON
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 4 DE ABRIL DE 2024**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 4 de abril de 2024, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA O 16 DE ABRIL DE 2024**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 16 de abril de 2024, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA O 20 DE ABRIL DE 2024**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 20 de abril de 2024, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





<b>Expediente 1962/2024. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE POLA QUE PROPÓN A ELABORACIÓN DUN PLAN MUNICIPAL DE APOIO Á NATALIDADE COMO MEDIDA PARA FREAR A PERDA DE POBOACIÓN</b>	
<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 5, En contra: 12, Abstencións: 1, Ausentes: 0

### Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE con data 20/03/2024 (registro de entrada 2024-E-RRD-2), substituída por outra presentada ás 18:54 horas do mesmo día da celebración desta sesión (04/04/2024, registro de entrada 2024-E-RRD-3), pola que propón a elaboración dun plan municipal de apoio á natalidade, a cal se transcribe literalmente de seguido:

*“O concello da Estrada leva sufrindo unha sangría de poboación que nos últimos 20 anos pasou de 22.362 habitantes no ano 2003 a 20.075 habitantes no ano 2022, perdendo un total de 2.287 habitantes, unha perda en porcentaxe dun 10,22 % nestas dúas décadas, segundo as cifras oficiais do Instituto Nacional de Estadística (INE), que son os peores datos históricos de poboación da nosa localidade.*

*A isto hai que engadirlle un grave envellecemento da poboación en todo o municipio nese mesmo período de tempo. Estes datos arrojan unha previsión de futuro moi sombría para a supervivencia do noso concello.*

*As políticas para o fomento de emprego, de apoio as familias, para as persoas mozas, as mulleres, e de asentamento poboacional por parte deste Concello son escasas e con resultado non moi satisfactorio en termos xerais, e refrendado polo mal desempeño demográfico da Estrada.*

*Noutros concellos limítrofes produciuse unha reacción fronte a este descenso demográfico con diversas medidas encamiñadas a recuperar e incrementar poboación, que supuxo entre outras consecuencias a fuxida de moitos dos noso/as veciño/as a eses lugares.*

*Por iso, por parte do Grupo Municipal Socialista solicitamos a posta en marcha dun Plan municipal de Apoio a Natalidade (PAN), no cal veña encadrado un catálogo de accións e medidas que aborden, cunha perspectiva integral e integradora, o problema demográfico deste concello.*

*Propoñemos tamén para incentivar a recuperación de poboación e económica deste Concello, mellorar o sistema da “Baby box” por unha medida máis ampla tanto en termos cuantitativos como cualitativos, que vertebraría dous graves problemas do noso municipio que é o reto demográfico e a dinamización empresarial.*

Esta medida consiste nunha axuda plurianual directa a través da TARXETA NADO, que





consiste nunha tarxeta moedeiro para colaborar coas familias estradenses nos gastos de mantemento e sustento nos primeiros anos de nacemento ou adopción dos/as nenos/as estradenses a gastar nos comercios do concello da Estrada.

*Esta axuda de apoio a natalidade tería que vir acompañada por unha ordenanza coas bases reguladoras para esas axudas que cuantificamos dependendo do nivel de renda familiar neste seguinte cadro:*

	Nivel renda familiar ata 33.600 euros	Nivel renda familiar > 33.600 e 42.000 euros	Nivel renda > 42.000 e 67.200 euros
Ano 0	600 euros	300 euros	150 euros
Ano 1	400 euros	200 euros	100 euros
Ano 2	300 euros	150 euros	75 euros
Ano 3	200 euros	100 euros	50 euros

*No caso de nacementos ou adopcións de fillos/as con algunha minusvalía recoñecida, igual ou superior ao 33 % segundo as normas establecidas pola Seguridade Social e/ou comunidade autónoma, estas contías duplicáranse.*

*Considérase renda familiar á totalidade dos ingresos brutos anuais, incluíndo as que teñan a consideración de exentas a nivel tributario, da unidade familiar en convivencia.*

*Esta TARXETA NADO sería entregada polo Concello aos beneficiarios desta axuda, que permitiría realizar compras destinadas á adquisición de bens e servizos nos establecementos comerciais locais do Concello da Estrada xerando un retorno económico nos comerciantes da nosa localidade.*

*É evidente que a formulación deste Plan municipal de Apoio a Natalidade (PAN) e a TARXETA NADO deberían levar aparelados outro tipo de actuacións para evitar que a poboación non se marche, que as persoas mozas non teñan que marchar, que o rural non morra de inanición. Por iso, estamos decididos a que se leve a cabo políticas reais e efectivas tanto de emprego como de dinamización empresarial para paliar a perda constante de veciños/as.*

#### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación polo Pleno, a adopción dos seguintes acordos:*

*1. Elaborar, nun prazo máximo de 6 meses, un Plan municipal de Apoio a Natalidade (PAN), co obxecto de elaborar un conxunto de accións e medidas, tanto económicas como non económicas, que recolla e afronte o problema de natalidade que sofre este concello dunha forma decidida.*

*2. Instar ao goberno municipal a creación dun sistema de axuda plurianual a través dunha tarxeta moedeiro chamada TARXETA NADO para o fomento da natalidade deste concello e colaborar cos gastos das familias estradenses en substitución da axuda "Baby*





box", claramente insuficiente, en función dos criterios apuntados na exposición de motivos.

3. Que nos próximos orzamentos municipais veña contemplados unha partida específica para a concesión da TARXETA NADO.

4. Por último, elaborar e aprobar unha ordenanza coas bases reguladoras para a concesión de axudas económicas a través da TARXETA NADO, como consecuencia de nacementos e adopcións dentro do concello da Estrada.

#### EVOLUCIÓN DO CUSTO TOTAL MÁXIMO ANUAL

(SEN CONTAR NIVEL DE RENDAS)

	Ano 0	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Total anual
120	72.000				72.000
240	72.000	48.000			120.000
360	72.000	48.000	36.000		156.000
480	72.000	48.000	36.000	24.000	180.000

Visto que á anterior moción se xunta unha proposta/borrador de ordenanza reguladora de concesión de axudas de apoio á natalidade.

Visto o ditame desfavorable da Comisión Informativa de Reto Demográfico, adoptado en sesión celebrada o 04/04/2024

#### Resolución:

Sometida a moción a votación, é rexeitada polos votos en contra do Partido Popular e a favor dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE).

<b>Expediente 1856/2024. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLA QUE PROPÓN VARIAS MEDIDAS ANTE A URXENCIA DEMOGRÁFICA POLA BAIXADA DE POBOACIÓN NO CONCELLO DA ESTRADA</b>	
<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 12, Abstencións: 0, Ausentes: 0

#### Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a moción presentada con data 15/03/2024 (registro de entrada 2024-E-RRD-1) polo grupo municipal do BNG, en relación á urxencia demográfica pola baixada de poboación no Concello da Estrada, a cal se transcribe literalmente de seguido:

"A poboación da Estrada non para de caer desde hai máis de 70 anos. Porén, agora estamos en niveis críticos. Non había tan poucos habitantes no noso concello desde





1850. Ademais, nunca houbo tan pouca xente nova e en idade de traballar, unha tendencia que se agravou nos últimos 20 anos. Se ben é certo que a tendencia ao despoboamento é un problema común, sobre todo en Galiza, isto sucede sobre todo nas vilas pequenas: nas vilas de máis de 20.000 habitantes a situación é máis variada (das 16 6 perderon poboación e 10 gañárona). Ademais, o que chama a atención é que destas vilas de máis de 20.000 habitantes A Estrada é a que máis poboación perde desde o ano 2011. Durante estes anos as vilas galegas de máis de 20.000 habitantes aumentaron de media un 1,9% de poboación mentres que A Estrada perdeu case o 8%.

Na estrutura da poboación da Estrada, pódese observar un incremento progresivo do peso da categoría de persoas maiores de 65 anos (% > 65) de forma continuada a medida que as outras dúas categorías (0-16 e 17-64) van minguando. Até finais da primeira década dos 2000 a franxa de 16 a 64 medraba a costa da franxa de menores de 16 anos pero a partir do ano 2010 este grupo de poboación tamén comeza a perder peso en favor dos maiores de 65. O panorama actual resultante ten como características un devalo da porcentaxe de persoas entre 16 e 64 anos e un mantemento das persoas menores de 16, que se explica, sobre todo, pola perda de poboación da Estrada e non polo seu número absoluto (xa que, se ao inicio da serie este grupo tiña 2628 persoas no ano 2002 constaba só de 2295, un 14,15 % menos). Porén, a categoría de maiores de 65 crece no concello tanto de xeito relativo, pasando de ser o 24,4% da veciñanza en 2002 a ser o 28,74 no pasado ano, coma de xeito absoluto (sendo 5441 maiores de 65 en 2002 e 5778 en 2022 (un 6,2% máis). Isto leva a un avellentamento da poboación do concello, como demostra o Índice de envellecemento que pasa, no período para o que hai datos, de 141,68 a 196,85 (un aumento do 38,9%) e un sobreenvellecemento que pasa do 13,31 ao 21,78 (un 63% máis).

Canto á inmigración e emigración pódense observar os movementos migratorios por idade e por lugar de destino ou orixe da migración. Como visión de conxunto observar que as persoas que emigran son principalmente da franxa de entre 16 e 54 anos, ao igual ca no caso da inmigración, polo que se pode intuír que estes movementos migratorios son, de forma significativa, por motivos laborais e económicos, sendo por tanto un factor chave no que deberemos incidir se queremos modificar os fluxos de migración para poder incentivar a inmigración ao tempo que reducimos a emigración forzosa. Outro dato que destaca é o dos estradenses residentes no estranxeiro, que se sitúa en case 6000 persoas, case mil máis ca en 2006, ano en que comeza a serie de datos.

A emigración e a inmigración brutas din pouco sobre a nosa situación, polo que cómpre analizar os saldos migratorios. Dende que hai datos, no ano 92, temos un saldo migratorio total positivo (un saldo migratorio positivo (de 928 persoas) grazas ás 2120 persoas que chegaron á Estrada dende outros estados, xa que o noso saldo migratorio con España, co resto de Galiza e co resto da provincia temos un saldo migratorio negativo xa dende ano 92). O principal problema é que, se observamos os datos máis





*polo miúdo, dende o 1992 o saldo migratorio só foi positivo co resto de Galiza catro anos, é dicir, sempre marchou máis xente ao resto do país da que chegou á Estrada, e o único período no que o saldo migratorio co resto das comunidades autónomas do Estado e co resto da provincia foi positivo foi durante os 4 anos do bipartito na Estrada (e unha redución do saldo migratorio negativo co resto Galiza de até 2/3). Isto déixanos, como estampa xeral, un saldo migratorio que, para non caer nos números negativos, é fortemente dependente da inmigración doutros Estados, unha inmigración que baixa o ritmo (se durante o bipartito o concello contaba cun saldo migratorio anual positivo de 47.5 e atraía a 58 persoas doutros Estados este número de persoas procedentes doutros Estados redúcese a 34.5 cada ano dende que governa López e un saldo migratorio total de -20 persoas anuais).*

*Canto á situación dos nacementos unha tendencia xeral nestes momentos é a un mantemento do número de nacementos desde 1990 (aínda que no último lustro si que houbo unha diminución notábel) así como a un avellentamento das nais, aumentando a idade media na que as mulleres teñen os fillos. Outro aspecto a destacar é que, co paso do tempo, aumenta proporcionalmente o número de mulleres laboralmente activas que teñen fillos, un dato positivo que implica unha meirande incorporación da muller ao mercado laboral, pero tamén pode indicar unha necesidade de redobrar os esforzos da conciliación porque, se ben é certo que non hai un descenso da fecundidade sostido no tempo é unha taxa de fecundidade baixa que é posíbel e necesaria incrementar.*

*Segundo a Enquisa de Fecundidade do INE para Galiza (2018) as mulleres galegas menores de 30 anos con fillos supoñen o 6,5% mentres que o 70% menores de 40 quererían ter dous ou máis fillos. En Galiza só o 57% das mulleres teñen fillos a pesar de que tan só o 16% aseguran non querer ser nais. Entre os motivos argumentados polas mulleres con fillos para non ter máis están as circunstancias laborais (26.56% das enquisadas), por motivos económicos (21.05%) e o 41% das mulleres con fillos atrasaron a idade á que tiveron o seu primeiro fillo por este motivo (case o 50% atrasan o primeiro fillo máis de catro anos con respecto ao que quererían). De feito, obsérvase unha correlación entre ter ou non fillos e o nivel de ingresos, xa que só o 54,7% das mulleres con ingresos menores a 1000€ teñen fillos, contra o 76% das mulleres que ingresan máis de 2000€ mensuais. Non só o nivel de ingresos senón a estabilidade do traballo é un factor chave á hora da crianza, xa que as porcentaxes de mulleres con fillos dispáranse cando as mulleres teñen un traballo no que levan máis de 9 anos (73,5%) fronte ás 49% das que levan menos dese tempo no mesmo traballo.*

*Outro dos grandes impedimentos para a concepción é a conciliación familiar, cunha diferenza de ata 11 puntos porcentuais entre as mulleres con fillos en función de se a xornada é continua (64%) ou partida (53%) . Hai que lembrar que sobre as mulleres recaen os coidados tanto das crianzas como das persoas dependentes, e co nivel de sobreenvellecemento da Estrada tamén aumentan as patoloxías asociadas aumentando así o índice de dependencia senil de 13.31 en 2002 a 19.88 en 2019, un 49% máis.*





*Destaca tamén que o 12% das mulleres sen fillos que planean telos nos tres vindeiros anos non ten parella, porcentaxe que se eleva até o 26,5% entre as mulleres que teñen parella pero non conviven con ela. Ao convivir coa parella, esta porcentaxe redúcese ao 6,15%, a metade das mulleres que planean ter fillos a pesar de non teren parella. Isto parece indicar que hai boa parte das mulleres que descartan ter fillos, entre outras cousas, pola convivencia coa parella, polo que tamén que hai que facer un esforzo de educación en igualdade e corresponsabilidade nos coidados.*

*Polo tanto cómpre mellorar as condicións de traballo, asegurar maiores ingresos e mellorar as políticas de conciliación para que os familiares deixen de ser coidadores.*

### *Situación económica*

*Na Estrada a renda media é de 11581€ mentres que o rendemento medio do traballo son 16292 € ao ano (un 18% menos que a media de Galiza). Arredor do 20% da poboación en situación de pobreza (e un 21% de pobreza infantil), sobre todo na vila, e incluso hai un 8% da poboación cuns ingresos de menos de 7500 € ao ano – unha proporción que se dispara até o 10-12% da vila, fronte ao 5-7% das parroquias. Boa parte destes datos derivan da estrutura produtiva do noso concello. O concello da Estrada ten unha taxa de traballadores asalariados do 88,6% e unha autocontención laboral, que é a capacidade que ten un territorio de fixar laboralmente a súa poboación, do 34,4%, 7 puntos menos que en 2011, cando era do 41,6%.*

*Así, os sectores primario e secundario representan só o 20,9% do emprego fronte ao 67,9% dos estradenses empregados polo sector terciario. Neste mesmo período a poboación que se dedica á agricultura ou gandaría no noso concello descendeu a case a metade (do 8 ao 4,9%). O devalo da actividade agrogandeira débese principalmente debido ao peche de explotacións bovinas (de 1255 en 2002 a 378 en 2022) e unha redución da superficie de explotación agraria do 50% entre 1999 e 2009 (de 18810 ha a 9603). Esta situación prevese que continúe xa que os xefes das explotacións teñen unha idade media de 67,6 anos. A pesar destes datos, o sector agrario produciu en 2020 un 7,7% do VEB (Valor Engadido Bruto) da Estrada (un 57% máis ca o emprego e ademais aumentando un 36% dende 2010) o que indica a súa alta produtividade mentres que o sector servizos, que representa case un 68% do emprego produce o 63% do VEB. No caso do sector industrial este representa o 15,5% do emprego e só un 10,1% do VEB, o que indica ou ben que parte dese emprego industrial é fóra do concello ou unha baixa produtividade neste sector (ningunha das opcións é boa para a nosa economía). Ademais a porcentaxe de VEB industrial sobre o PIB caeu un 11% en dez anos, o que indica que a industria perdeu peso e competitividade na nosa estrutura económica.*

*A nivel de postos de traballo totais, incluso cun importante aumento do número de persoas empregadas no concello entre 2011 até 2023 (desde 7552 a 8150) esta recuperación é desigual e sucede só a partir dos 40 anos, mentres que entre as persoas menores de 39 anos (en teoría a poboación albo en materia de compra de vivenda e reprodución) o número de empregados pasou de 3450 (e un 39 % de paro) a 2515 (e un*







32 % de paro), unha redución do 37,2%, mentres que entre os maiores de 40 anos o paro pasou de representar o 14% en 2011 ao 7,5% en 2023. É dicir, o paro reduceuse case tres veces máis rápido en maiores de 40 que entre os menores de 40.

No ano 2008, antes da crise, había na Estrada 1018 autónomos sen asalariados, mentres que en 2021 son 1284. A isto hai que sumarlle a desaparición do 8,7% das empresas no mesmo período. Amais, se no 2008 había 36 empresas con máis de 20 asalariados mentres que en 2021 só había 22 (8 e 6, no caso de empresas de máis de 50 traballadores) polo que, polo xeral, as empresas da Estrada son agora máis pequenas (pasando o tamaño medio de 2,71 a 2,50 entre 2008 e 2021), menos competitivas e ademais con menor capacidade para ofrecer mellores condicións laborais. Isto explica por que o PIB está practicamente estancado a nivel de 2010 e que soamente aumenta o PIB per capita pola baixada de poboación.

Neste contexto no que cómpre atraer empresas competitivas á Estrada, no noso concello non hai solo industrial público, e o solo industrial privado ten unha superficie neta de 74.974 m<sup>2</sup> (fronte aos 176.486 de Silleda ou os 443.419 de Lalín, segundo o observatorio de solo empresarial) o que lastra a actividade empresarial no concello.

Esta estrutura produtiva non só repercute nas condicións laborais senón tamén nos ingresos futuros - nas pensións - que no 2022 acadaron unha contía mediana de 724,61 € no noso concello (871,59€ no caso dos homes e 721,7€ no caso das mulleres).

Todo isto inflúe na capacidade de acceso á vivenda, de independencia e de reprodución.

#### Conxuntura da vivenda

Na Estrada en 2021 había 12.477 vivendas, das cales só o 62% (7788) son unha primeira residencia. Destas 7788 vivendas principais 6108 (o 78%) son vivendas en propiedade, 1281 son vivendas noutra réxime de tenza, mentres que só 399 vivendas son vivendas en alugadas (o 5% das vivendas principais e o 3,2% das totais) a un prezo medio de 300€ (un 20% máis ca nos concellos da contorna).

Do total de 12477 vivendas da Estrada, en concreto das 4689 que están clasificadas como segundas vivendas, 3962 (o 84,5%) están baleiras (eran 2050, menos da metade, en 2011). A porcentaxe de vivendas baleiras sobre o total de vivendas é do 31,75%, case o dobre que o 18,2% do ano 2011.

Isto déixanos un concello con case a metade da vivenda baleira pero que, aínda así, non está dispoñíbel para o seu aluguer. Polo tanto cómpre impulsa-lo alugueiro tanto no centro como no rural, xa que non hai diferenza entre a porcentaxe de xente que vive en aluguer entre o centro e as parroquias. Porén, os alugueiros teñen que ser accesíbeis. O noso concello é unha zona tensionada se se compara o aumento dos alugueiros co IPC - segundo un estudo do IGVS (Instituto Galego da Vivenda e Solo) para o ano 2021 - xa que o prezo medio do alugueiro subeu un 15,6% entre 2017 e 2021, unha variación dun 8,2 sobre o IPC. Neste contexto a vivenda pública ten que ser parte da solución; porén nos últimos 14 anos non se construíu ningunha vivenda de promoción pública na Estrada,





fronte ás 16 de Lalín, as 35 do Porriño ou as 15 dun concello próximo e pouco poboado como pode ser Cerdedo-Cotobade.

### *Xestión dos servizos*

*Ademais da estrutura da poboación e dos ingresos e o mercado de traballo tamén hai que falar dos servizos. Case a metade da poboación (3797 vivendas en 153 núcleos) non teñen un servizo tan básico como o de depuración de augas residuais fronte aos 9 núcleos que si tiñan no ano 2016. Outros servizos minguaron, como pode ser o número de médicos, que descendeu desde os 31 de 2019 até os 21 de 2023, un de cada tres mentres que tamén se perdeu o único técnico especialista que operaba no concello.*

*Ademais dos servizos públicos, outros indispensábeis, como as oficinas bancarias, tamén se reduciron, pasando A Estrada de 9 a 5 oficinas no centro e perdendo as súas dúas únicas sucursais rurais. Esta falta de recursos e servizos públicos acaba sendo un gasto que ten que asumir a veciñanza. Por exemplo, a pesar da perda de poboación na Estrada o número de turismos e motocicletas non para de aumentar (de 9323 turismos e 486 motos en 1998 a 13970 e 1307 motos en 2022) mentres que os autobuses pasaron de 79 a 33 (unha perda do 60%) sendo un indicador non de progreso económico no concello senón da imposibilidade de desenvolver unha vida se non se conta cun vehículo propio, unha situación que se agrava no rural e fai máis difícil o asentamento de poboación.*

### *Conclusións*

*A Estrada conta cun nivel de fecundidade baixo, que cómpre incrementar incidindo na conciliación e na mellora económica e hai que focalizar tamén o esforzo en atraer a nova veciñanza e a desincentivar a emigración, fenómeno substancialmente económico que se atalla paliando a precariedade, os salarios baixos e aumentando servizos e vivenda*

*Polo estes motivos propoñemos ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte ACORDO:*

*1. Abrir unha plataforma na que a veciñanza aporte as súas ideas para reverter o noso devalo demográfico, xa que 2 cabezas pensan máis ca unha e 20.013 pensan máis ca 13.*

### *TRABALLO:*

*2. Incrementar o solo industrial público e crear unha oferta atraente (por exemplo, a moratoria do aluguer até a consolidación da actividade empresarial) e primar aquelas industrias que transformen os produtos da Estrada para aumentar o seu valor engadido..*

*3. Creación de micro-polígonos industriais no rural que favorezan o asentamento de pequenas e medianas industrias polo rural, o que evita a concentración do traballo nun punto e dinamiza economicamente todo o territorio, atraendo servizos e poboación á súa contorna..*

*4. Implementar medidas fiscais a novos asentamentos de veciñanza e empresas mediante a adhesión do concello á rede de concellos emprendedores.*





5. Favorecer a creación de montes en mancomún e de cooperativas agrogandeiras, o que permite maiores investimentos de capital e unha racionalización do traballo, o que mellora as condicións laborais
6. Promover a creación de canais de comercialización directa dos produtos agrogandeiros, industriais e de servizos producidos na Estrada
7. Xestionarase a dotación dun parque de maquinaria que rebaixe o gasto inicial para permitir un maior acceso á formación de empresas
8. Aumentar a eficiencia das explotacións agrogandeiras mediante a posta en marcha de ciclos formativos agrarios na oferta de FP, cursos para persoas en desemprego con terras improdutivas e cursos de capacitación para labregas xa en activo
9. Procuraranse acordos entre as diferentes facultades das universidades galegas e o Consello Económico e Social do concello, a fin de implementar programas de prácticas para o alumnado universitario coas empresas da Estrada e incentivar a contratación dos titulados. Crearanse obradoiros de emprego nos que se porá en contacto ao alumnado con empresas estradenses que non atopan remuda xeracional, favorecendo un emprego estábel a longo prazo para o alumnado e evitando o peche de empresas por falta de relevo.

#### VIVENDA:

10. Solicitar á Xunta de Galiza a construción de vivendas de promoción pública e iniciar un novo parque de vivenda de público construído ou rehabilitado polo concello, urbanizando A Estrada de forma racional
11. Delimitar o solo edificábel de acordo ás necesidades de vivenda dos veciños e veciñas do rural e das persoas que se queiran incorporar ao traballo agrícola
12. Creación dunha bolsa pública de vivendas e locais comerciais en alugueiro ao que se incorporen os propietarios particulares e que permita a mediación do concello. Deste xeito poden pactarse prezos asumíbeis e condicións estábeis para os inquilinos e tamén garantías para os arrendadores (por exemplo un seguro contra impagos ou destrozos).
13. Promover a mobilización para venda ou alugueiro da vivenda desocupada e dos locais comerciais mediante a acción positiva e o gravame fiscal dos inmóbeis baleiros de longa duración

#### OCIO:

14. Apoiar as iniciativas dos locais sociais e centros culturais e dinamizar o seu funcionamento ofertando actividades socioculturais desde o concello nas parroquias de xeito estábel ao longo do ano e non puntual.
15. Habilitar un Centro Cívico interxeracional pero dirixido principalmente á mocidade, apoiado polo concello pero con actividades elaboradas desde o propio centro (exposicións, cineclubes, clubs de lectura...).





16. Creación e potenciación dunha rede de sendeiros, rutas culturais e rede ciclista que conecte a vila coas parroquias cun parque de bicicletas público de libre empréstito.

17. Humanizar as rúas, crear novas zonas verdes en lugares antes dedicados ao tráfico e a parcelas sen uso, conformando un entorno sen feísmo e máis agradábel para a vida.

18. Abrir á participación cidadá a confección da programación das actividades lúdicas e culturais do concello, para aumentar e mellorar a oferta.

#### SERVIZO

19. Informar desde o concello as axudas ou subvencións de diferentes administracións e crear un servizo do concello específico para a axuda á veciñanza nos trámites administrativos

20. Exixir a ampliación no número de profesionais e servizos nos centros de saúde tanto da vila como nos rurais.

21. Dotar dos servizos básicos necesarios para o subministro de auga potábel, saneamento e recollida de lixo en tódalas parroquias.

22. Crear no punto limpo un punto de reparación, troco e intercambio alongando a vida dos obxectos e aforrando cartos á veciñanza, establecendo colaboracións con módulos de Formación Profesional

23. Fomento da instalación de enerxías limpas renovábeis, tanto de titularidade pública como colectiva (na forma de comunidades enerxéticas) ou privada para autoconsumo. Isto permitirá abaratar as facturas da luz da veciñanza e das empresas. Impulsaremos tamén comunidades enerxéticas asociadas ás zonas industriais.

24. Facilitar os desprazamentos mediante unha rede municipal de transporte público que conecte a vila co rural e racionalizar o transporte colectivo para facelo máis acaído ás necesidades das estudantes da USC e das traballadoras

25. Creación dunha “cousateca” municipal. Puntos locais de préstamos, seguindo o concepto das bibliotecas, de obxectos de uso puntual. Este servizo implica un aforro económico para a veciñanza e favorece que se leven a cabo accións que se poden retrasar por falta de cartos.

26. Facilitar e impulsar a creación ou modernización dos “ultramarinos” con taberna, fundamentais para a fixación da poboación no rural e para a creación de emprego. Valorarase a adquisición de inmóbeis no rural ofrecendo así un negocio en cesión de explotación cunha vivenda asociada durante a explotación, deste xeito mantense un servizo e facilítase un posto de traballo e unha vivenda.

#### CONCILIACIÓN

27. Apoio á creación de escolas infantís e ludotecas tanto na vila coma no rural, por exemplo, nas instalacións dos CEIP e das antigas casas escola, cedendo os espazos de forma gratuíta a quen queira explotar este servizo e asegurando tamén o transporte das





*crianzas desde e até as vivendas. Así mesmo implantar en tódolos centros os servizos de coidador, plan madruza e comedor.*

*28. Impulsar a creación de puntos públicos de comida para levar na praza de abastos ou nas tabernas rurais. Isto asegura menús saudábeis elaborados con produtos de procedencia local, con tarifas asumíbeis para a veciñanza, garante uns prezos dignos para os produtores e reduce a carga de traballo tanto mental como manual sobre todo das nais.*

*29. Creación dun centro de día digno e cun prezo asumíbel e dunha unidade de respiro familiar (por exemplo, para un coidado básico dunha persoa vella ou cunha discapacidade en caso de viaxe, descanso ou hospitalización doutro membro da unidade familiar).*

*30. A medida que se implanten esas medidas poderanse facer campañas de publicidade que permitan atraer poboación de fóra, en vez de chamar a empadroarse a xente que xa vive aquí.”*

Visto o ditame desfavorable adoptado pola Comisión Informativa de Reto Demográfico en sesión celebrada o 04/04/2024.

### **Resolución:**

Sométese a moción a votación, sendo rexeitada polos votos en contra do Partido Popular, e a favor dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE).

---

Antes de pasar á parte de Actividade de Control o señor alcalde pregunta se algún dos grupos políticos quere presentar algunha moción de urxencia; non habendo, continúaase coa orde do día.

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

**Expediente 1942/2024. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2024-0462 POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2023.**

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2024-0462, do 27/03/2024, polo que se aproba a Liquidación do Orzamento do exercicio 2023.

---

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





Visto o informado pola Intervención municipal con data do 27/03/2024 sobre a tramitación do expediente de Liquidación do Orzamento e de conformidade co establecido no art. 90.2 do R.D. 500/1990 e 174.4 da L.R.F.L.

Vista a proposta de resolución PR/2024/708 emitida con data 17/04/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

### **DÁSE CONTA:**

Do Decreto da Alcaldía n.º 2024-0462, de 27 de marzo, polo que se aproba a Liquidación do Orzamento municipal 2023.

A corporación en Pleno queda sabedora.

**DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2024-0598, DE 22 DE ABRIL, RELATIVO AO MANTEMENTO DOS POSTOS DE PERSOAL EVENTUAL E DE CONFIANZA DA ALCALDÍA.**

Dáse conta do Decreto da Alcaldía n.º 2024-0598, de 22 de abril, polo que se aproba manter os postos de persoal eventual do Concello, establecidos por acordo plenario de 23/06/2023, despois do nomeamento de novo Alcalde na sesión plenaria de 20/04/2024, o cal se transcribe literalmente de seguido:

#### *“FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO.*

*Trala elección e toma de posesión desta Alcaldía en sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o 20 de abril de 2024, e de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).*

*Visto o sinalado nos artigos 89, 90, 104 e 104 bis da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Visto o sinalado no artigo 250 da Lei galega 5/1997 de Administración Local.*

*Visto o sinalado nos artigos 41 e 50 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

*Visto o sinalado no artigo 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia local.*

*Visto o sinalado no artigo 12 da do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*Visto o sinalado nos artigos 29 e seguintes, e no artigo 201 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.*

*Visto o acordo adoptado na sesión plenaria celebrada o 23 de xuño de 2023, á vista dos*





informes emitidos pola secretaria con data 19/06/2023 e pola interventora o 20/06/2023.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1743, emitida con data 22/04/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

## RESOLUCIÓN.

*PRIMEIRO.- Manter os seguintes postos de persoal eventual do Concello, establecido por acordo plenario de 23 de xuño de 2023, segundo o cal se asignaron as seguintes funcións a realizar de confianza ou asesoramento especial, e coas seguintes retribucións, asimilándoos aos postos que se indican a continuación:*

*1.- Director/a de Réxime Interno. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 40.361,96 euros, dividido en catorce mensualidades, por asimilación ao grupo A1, cos incrementos anuais correspondentes. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.*

*2.- Xefe/a de Gabinete de Alcaldía. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 25.919,96 euros, dividido en catorce mensualidades, por asimilación ao grupo C1, cos incrementos anuais correspondentes. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.*

*3.- Secretario/a de Alcaldía. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 21.082,22 euros, dividido en catorce mensualidades, por asimilación ao grupo C2, cos incrementos anuais correspondentes. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.*

*SEGUNDO.- Que se proceda ao nomeamento das persoas que se indican a continuación para a ocupación dos postos indicados no punto anterior como persoal eventual e de confianza:*

- Para as funcións de Director de Réxime Interno: D. Enrique Prieto Porto.*
- Para as funcións de Secretaria da Alcaldía: Dna. Rocío Banco Mosquera.*
- Para as funcións de Xefa de Gabinete da Alcaldía: Dna. María Laura Baliño Gómez."*

A corporación en Pleno queda sabedora.

## **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 1 AO 15 DE ABRIL DE 2024**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 15 de abril de 2024 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2024-0463 ao número 2024-0556 (ambos os dous incluídos).





A Corporación en Pleno queda sabedora.

**Expediente 2799/2024. TOMA DE RAZÓN DE LA RENUNCIA DE D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN A SU CARGO DE TENIENTE DE ALCALDE Y DE CESE COMO CONCEJAL POR EL GRUPO DEL PARTIDO POPULAR.**

Visto el escrito presentado con fecha 25 de abril de 2024 (registro de entrada 2024-E-RE-1652) por D. Juan Manuel Constenla Carbón, por lo que renuncia expresamente y por voluntad propia al cargo de Primer Teniente de Alcalde del Ayuntamiento de A Estrada y de su cese como concejal por la lista del Partido Popular (PP).

Visto el artículo 182 de la Ley Orgánica del Régimen Electoral General nº 5/1985, de 19 de junio (LOREG), en la redacción dada por Ley Orgánica 1/2003, de 10 de marzo, el cual dice que, en caso de renuncia o cese de un Concejal, el escaño se atribuirá al candidato o candidata o, en su caso, al suplente de la misma lista a quien corresponda, atendiendo a su orden de colocación.

Visto que, según las candidaturas proclamadas para las Elecciones Municipales del año 2023 en el municipio de A Estrada, publicadas en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra nº 80, de 26 de abril de 2023, por el Partido Popular (PP) figura en el puesto 15 Doña Beatriz Pazos Alonso, que sería a la que le correspondería ocupar la vacante producida por la renuncia de D. Juan Manuel Constenla Carbón.

Visto que, con fecha 26 de abril de 2024 la señora Beatriz Pazos Alonso presenta y firma igualmente su renuncia a ocupar dicho puesto vacante ante la señora secretaria accidental.

Visto que ante la anterior renuncia, procedería ocupar la vacante producida por el siguiente en la lista del Partido Popular, es decir, el puesto 16 D. José Conde Trasande.

Visto que la Instrucción de la Junta Electoral Central de 10 de julio de 2003 (BOE nº 171 de 18 julio siguiente) establece que, cuando se presente renuncia de un Concejal o Concejala, el Pleno de la Entidad Local del que forme parte tomará conocimiento de la misma remitiendo certificación del acuerdo adoptado a la Junta Electoral de Zona a los efectos de proceder a la sustitución, indicando el nombre de la persona que, a juicio de la Corporación, corresponde cubrir la vacante.

Visto que el acuerdo plenario debe ser adoptado antes del 6 de mayo próximo, al ser el día en que, pasados diez días naturales desde la presentación del escrito por el concejal cesante, el representante de la candidatura podría instar de la Junta Electoral Central la designación directa del candidato o candidata que corresponda, según el régimen establecido por la Instrucción de la Junta Electoral Central referenciada.

En virtud de los preceptos legales citados, la señora Secretaria accidental emite con fecha 26 de abril de 2024 informe por el que formula al Pleno de esta corporación la







siguiente proposta de acordo:

*“Primeiro.- Tomar conocimiento de la renuncia expresa de D. Juan Manuel Constenla Carbón al cargo de Primer Teniente de Alcalde del Ayuntamiento de A Estrada y de su cese como concejal por la lista del Partido Popular (PP).*

*Segundo.- Declarar vacante una plaza de Concejal o Concejala del Ayuntamiento de A Estrada en la lista del Partido Popular (PP).*

*Tercero.- Tomar conocimiento de la renuncia expresa de Dña. Beatriz Pazos Alonso a ocupar la plaza vacante de concejala del Ayuntamiento de A Estrada por la lista del PP.*

*Cuarto.- Solicitar de la Junta Electoral Central la designación del siguiente candidato en la lista del Partido Popular (PP), así como la expedición de su credencial, indicando que, a juicio de esta Corporación, corresponde cubrir la vacante a D. JOSÉ CONDE TRASANDE, por ser el siguiente candidato en orden en la referida lista.”*

Tras las oportunas intervenciones de los portavoces de los distintos grupos municipales, se hace la siguiente **TOMA DE RAZÓN**:

**Primeiro.-** Tomar conocimiento de la renuncia expresa de D. Juan Manuel Constenla Carbón al cargo de Primer Teniente de Alcalde del Ayuntamiento de A Estrada y de su cese como concejal por la lista del Partido Popular (PP).

**Segundo.-** Declarar vacante una plaza de Concejal o Concejala del Ayuntamiento de A Estrada en la lista del Partido Popular (PP).

**Tercero.-** Tomar conocimiento de la renuncia expresa de Dña. Beatriz Pazos Alonso a ocupar la plaza vacante de concejala del Ayuntamiento de A Estrada por la lista del PP.

**Cuarto.-** Solicitar de la Junta Electoral Central la designación del siguiente candidato en la lista del Partido Popular (PP), así como la expedición de su credencial, indicando que, a juicio de esta Corporación, corresponde cubrir la vacante a D. JOSÉ CONDE TRASANDE, por ser el siguiente candidato en orden en la referida lista.

El Ayuntamiento Pleno toma conocimiento de lo anteriormente transcrito.

### C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais,

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





quedando todas as intervencións recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta

Levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas e trinta e seis minutos minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-pletos.tiivii.com/gl/2024/05/06/pleno-concello-de-a-estrada-2-de-maio-2024/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

9697EEEF243BC7EB9A3D052DEDBC786187C5DF3D678A3EB89296D9C2CD489598

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

